



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 4º ESO

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: ECONOMÍA

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución:

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1: . Ideas económicas básicas	
Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía.
Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	Non se considera.
Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	Comprende e utiliza correctamente termos básicos da área da economía.
Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	Diferencia entre economía positiva e economía normativa.
Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	Comprende e explica, de forma sinxela, o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.
Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas, mediante un esquema básico.
Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos do seu contorno.
Bloque 2: Economía e empresa	
Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	Distingue e explica, de forma sinxela, as formas xurídicas das empresas.
Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	Identifica e explica, de forma sinxela, as formas xurídicas de empresas máis apropiadas aplicables en cada caso.
Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	Distingue e explica, de forma sinxela, os tipos de empresas e de empresarios/as existentes.
Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	Explica, de forma sinxela, os tipos de factores produtivos existentes e a relación entre produtividade e tecnoloxía.
Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	Distingue e explica, de forma sinxela, os sectores económicos existentes.
Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e	Explica as posibilidades de financiamento básicas das empresas e diferenza o

o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	financiamento externo e o interno e a curto e a longo prazo.
Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	Distingue os ingresos e os custos dunha empresa e calcula o seu beneficio ou a súa perda en supostos sinxelos.
Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	Identifica as obrigas fiscais das empresas e explica, de forma sinxela, o funcionamento básico dos impostos.
Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	Valora a carga impositiva que soportan as empresas.
Bloque 3: Economía persoal	
Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal sinxelo.
Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	Non se considera.
Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	Non se considera.
Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida.
Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	Comprende e explica, de forma sinxela, a relevancia do aforro e do control do gasto.
Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	Comprende e explica, de forma sinxela, as vantaxes e inconvenientes do endebedamento.
Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	Comprende os termos fundamentais na operativa bancaria.
Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	Comprende a necesidade de interpretar correctamente as cláusulas esenciais dos contratos bancarios, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.
Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	Coñece os procedementos de reclamación ante as entidades financeiras.

Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	Coñece as modalidades básicas de tarxetas bancarias, así como os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.
Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	Enumera e explica, de forma sinxela, os tipos de seguros existentes.
Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado	
Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	Enumera e explica, de forma sinxela, os principais ingresos e gastos do Estado.
Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	Entende e explica datos e gráficos sinxelos relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.
Distingue, nos ciclos económicos, o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	Entende, nos ciclos económicos, o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos.
Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	Entende e explica, de forma sinxela, o contido dos orzamentos públicos e a necesidade de controlar a súa execución.
Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	Comprende e explica, de forma sinxela, as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público.
Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	Describe, de forma básica, os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
Interpreta gráficos representativos da distribución da renda.	Entende gráficos sinxelos sobre a distribución da renda.
Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego	
Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	Describe, de forma básica, as causas da inflación e as súas principais repercusións económicas.
Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	Explica, de forma sinxela, as consecuencias da variación dos tipos de interese para a marcha da economía.
Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	Non se considera.
Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	Entende as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións.
Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	Comprende e analiza, de forma básica, datos de desemprego.
Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	Coñece novas tendencias de emprego.
Bloque 6. Economía internacional	

Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	Entende a importancia da interconexión das economías de todos os países do mundo.
Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	Explica, de forma sinxela, as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.
Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	Entende acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización.
Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	Explica, de forma sinxela, vantaxes e inconvenientes de pertencer á Unión Europea.
Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	Entende os problemas ambientais e investiga, de xeito sinxelo, as opcións para un desenvolvemento sustentable.

2. Criterios de cualificación:

- Docencia presencial:

A nota global de cada avaliación conformarase nun 75% coa nota das probas escritas/orais (exames) efectuadas. O restante 25% corresponderase con: traballo realizado nas clases e traballos/exercicios que o alumnado terá que desenvolver por si só ou en grupos sobre os contidos vistos na clase. A nota no apartado do 75%, será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas/orais, ponderadas, no seu caso, segundo o número de temas que abarcou cada unha.

Redondeo (soamente para o boletín de notas): cando a nota global resultante na avaliación tivera decimais, se aproximará ao número enteiro superior se os decimais fosen superiores a medio punto, e ao número enteiro inferior se fosen de medio punto ou non o excederan. A única excepción será cando esta nota global esté entre 4 e 5 puntos: aquí, redondearase ao 4, posto que o alumno non acada o 5 mínimo para aprobar.

Será necesario acadar unha nota dun mínimo de 5 puntos, sobre 10, en cada avaliación para aprobala. No caso de que o alumno non acade un 5 no computo global da súa nota, terá que facer a recuperación, ao finalizar o trimestre, de toda a materia impartida na avaliación.

Se o alumno acada un 5, ou nota superior, na recuperación, terá a avaliación aprobada; se non acada o 5, estará suspensa. A primeira e a segunda avaliación terán a súa oportunidade de recuperación na seguinte avaliación. A terceira avaliación terá a súa oportunidade de recuperación na avaliación final.

O alumno deberá ter superadas cun 5, ou nota superior, as tres avaliacións para aprobar o curso. De non terse superado algunha avaliación, o alumno deberá acudir a avaliación final para recuperala.

Solo se calculará a nota media final do curso coas notas obtidas nas tres avaliacións, por separado, se estas notas aparecen todas cun 5, ou nota superior, no boletín de notas. Esta nota media final do curso calcularase facendo a media aritmética das tres notas globais, sen redondeos, de cada avaliación e será sempre dun 5 ou superior.

Na avaliación final, farase un exame por cada unha das avaliacións que o alumno teña pendentes de superar. Será preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das avaliacións das que o alumnado se esté a examinar. Se non se chegase a esta nota en cada unha, a materia quedaría suspensa. Poderá ser requisito imprescindible para aprobar a presentación de determinadas actividades (escritas ou en soporte informático) non realizadas ao longo do curso, cuestión que lle será indicado ao alumnado afectado con antelación.

- Docencia semipresencial:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

A parte teórica e expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica, telemáticamente.

O traballo telemático consistirá en exercicios (prácticos ou teóricos), que se resolverán nas propias conexións telemáticas, e resolución de dúbidas. Realizarase mediante videoconferencia (con programa Webex, preferentemente, ou similar) e, de ser o caso, mediante correo electrónico.

O alumnado poderá consultar o avanzado nas clases a través da aula virtual do centro.

Os exames faranse presencialmente sempre que sexa posible. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse mediante videoconferencia, debéndose usar a videocámara en todo momento, utilizando Webex ou programa de videoconferencia similar. De non ser posible este uso da videocámara, o exame farase por calquera medio que permita a visualización e escoita do alumnado: videochamada de WhatsApp, etc.

Se o día pactado de exame, a conexión da videocámara non fose posible, o exame realizarase noutro día/hora que determinará o profesor, ata ser posible a conexión con visualización do alumnado. De ser imposible esta conexión dentro da avaliación correspondente, o alumnado que non puidera ser así avaliado, levará un “non presentado”

na avaliación e faráselle o exame na seguinte avaliación (presencial, sempre que sexa posible).

Este exames con videocámara poderán ser orais (preferentemente) ou escritos, seguindo as indicacións que dará o profesor sobre a realización dos mesmos. Poderanse acordar co alumnado sesións telemáticas ou vía telefónica, previas aos exames, para explicarlle as normas que rexeran neste exames con videocámara.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxa novas instrucións por parte da Consellería de Educación.

- Docencia telemática:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, seguiranse as instrucións que a Dirección do centro remita ao docente. Preferentemente, empregarase a videoconferencia, a aula virtual e o correo electrónico para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Para avaliar o alumnado, se é posible, faránse as probas de modo presencial. De non ser posible, os exames telemáticos faranse según o procedemento descrito no apartado de "Docencia semipresencial".

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxan novas instrucións por parte da Consellería de Educación.